



*RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se publica a adxudicación definitiva de destinos do concurso de traslados específico entre persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura de departamento de orientación, convocado pola Orde do 13 de novembro de 2020*

En aplicación do disposto na base décimo sexta da Orde do 13 de novembro de 2020 pola que se convoca concurso de traslados específico entre o persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do Departamento de Orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria, de educación primaria e de educación especial dependentes desta consellería (DOG nº 242, do 1 de decembro), a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

RESOLVE:

Primeiro. Publicar como anexo I a esta resolución a adxudicación definitiva dos destinos obtidos no concurso de traslados específico convocado pola citada orde.

Segundo. O persoal que resulte adxudicatario, ademais de prestar servizos no centro base indicado no anexo I desta resolución, está obrigado a desprazarse aos centros compartidos e aos centros adscritos que, se é o caso, consten incluídos nos anexos II e III da antedita orde de convocatoria.

Ademais, de conformidade coa base décimo oitava da Orde do 13 de decembro de 2020, deberá desprazarse aos centros que se poidan adscribir, segundo o establecido no Decreto 120/1998, do 23 de abril.

Terceiro. A toma de posesión dos destinos acadados neste concurso terá efectos do 1 de setembro de 2021 e o cesamento no seu destino de procedencia o 31 de agosto deste ano.

Cuarto. Contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa o persoal interesado poderá formular, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante o xulgado do contencioso-administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

Director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

